



MOSTRA DE CICLO DE FICCIÓN PORTUGUESA

11, 18 e 25 de marzo de 2009

1 e 8 de abril de 2009

20:00h

1ª SESIÓN: 11 de marzo de 2009

Presenta André Martins: nacido en Porto en 1981, para ser un vagabundo das artes visuais. Establécese como cineasta e realiza diversos filmes experimentais, como *Lugar* (2001). Máis tarde realiza a longametraxe *Dispersão* (2003). É fundador da Morraceira e actualmente é tamén director do Filminho – Festa do Cinema Galego e Portugués.

HISTÓRIA TRÁGICA COM FINAL FELIZ

Directora: Regina Pessoa

Curtametraxe, Animación, 2005, 7 minutos

Hai persoas que son diferentes.

E todo o que desexan é ser iguais aos outros, mesturarse deliciosamente na multitude.

Hai quen pasa o resto da vida loitando para conseguir iso, negando ou tentando agachar esa diferenza.

Outros a asumen e desa forma se elevan, conseguindo así un lugar... no corazón.

CHINA, CHINA

Directores: João Pedro Rodrigues e João Rui Guerra da Mata
Curtametraxe, 2007, 19 minutos

China baixa as escaleiras en dirección a Martim Moniz, en Lisboa.

"China, China!", gritan os nenos cando ela pasa. China vai voar. Fuxir para lonxe ao amencer. Ela só quere ser feliz. Máis China bebe o seu propio veneno. Bébeo ata ao final. Ás veces o ar parece cargado de mal e o purgatorio un xardín infantil.

ANTES DE AMANHÃ

Director: Gonçalo Galvão Teles
Curtametraxe, 2008, 25 minutos

Mario, un home perseguido, pesimista, en fuga. Se ao menos conseguise chegar ao punto de encontro combinado co home que lle prometeu a salvación... unha cabina telefónica, ás sete da mañá... a esperanza dunha vida nova podería sobrevivir.

E todo volvería ao normal.

Pero, ¿e se á mañanciña do día 25 de abril se revelase todo menos normal?

RAPACE

Director: João Nicolau
Curtametraxe, 2006, 25 minutos

Cumpridas as obrigas académicas, Hugo pasa os días en casa descansando a cabeza de interminables lecturas de autores pouco coñecidos. Dorme moito e a deshoras. A súa única compañia doméstica é Luisa, a empregada, que ponse a súa altura con cómplices xogos do gato e do rato.

Para espantar o sono da razón Hugo exercita a vea lírica escribindo, co amigo Manuel, cancións sobre o barrio onde ambos habitan. O plácido diletantismo do protagonista é avalado por Catarina, unha moza e bonita tradutora que dá os primeiros pasos na vida profesional en réxime free-lance. Hugo está namorado da moza, fraquea. Alá enriba, o lagarteiro abanea. Non é o único rapaz capaz de facelo.

2ª SESIÓN: 18 de marzo de 2009

Presenta Rodrigo Areias: licenciatura en Son e Imaxe, na Escola das Artes - Universidade Católica Portuguesa. Especialización de Imaxe. (1998 – 2003) Curso de Especialización en Realización Cinematográfica na Tisch School of Arts na Universidade de Nova Iorque. Ten desenvolvido ao longo da súa carreira, traballos creativos na área de cinema de autor, alternando con outros traballos en dominios de vídeo-arte e vídeo clips para algúns dos mellores nomes da escena rock nacional (The Legendary Tiger Man, Wray Gunn, D3o, etc.) e diversos outros proxectos. Recentemente colaborou con artistas e producións estranxeiras, destacando proxectos para o Ministerio de Xuventude e Deporte Francés e Channel 4 inglés. Terminou a súa primeira longametraxe “Tebas”.

Sobre o percorrido deste filme: “Tebas” foi unha das producións seleccionadas para exhibir na “Semana dos Realizadores” da 27ª edición do Fantasporto. Marcou igualmente presenza na Mostra Internacional de Cinema de S. Paulo, en 2007; e, máis recentemente, na Festa de Cinema Periférico '08, o 21 de novembro, e tamén no Festival de Cinema Luso-Brasileiro, o 30 de novembro.

CORRENTE

Director: Rodrigo Areias

Curtametraxe, 2008, 16 minutos

El é mineiro, todos os días tenta deixarse ir coa corrente do río. Ela soña ir tamén, pero está presa.

Están todos presos por unha corrente. Saen dominados pola forza da montaña. É da que saen todos os días e onde volven entrar. Un día a corrente pártese.

TEBAS

Director: Rodrigo Areias

Longametraxe, 2008, 80 minutos

Tebas é unha adaptación da traxedia clásica de Sófocles, Rei Édipo, cunha chiscadela a Jack Kerouac. Partindo da perda de identidade dunha segunda xeración de emigrantes portugueses, Tebas conta a historia dun rapaz que en busca das súas orixes parte de París en dirección a Portugal cun camioneiro beatnik. E mergulla nas profundidades de Tebas nun road-movie surrealista.

3ª SESIÓN: 25 de marzo de 2009

Presenta Xurxo González: licenciado en Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, Doutorando en Historia da Arte pola UNED, realizou comunicación en congresos como o *Congrés de Cinema Europeu de Barcelona* en no *Foro de Comunicación e Cidadanía en Santiago de Compostela*, crítico de audiovisuais na revista *Tempos Novos*, colaborou con artigos en revistas como *Cahiers du Cinéma-España*, *Madrigal*, *Quintana*, *Pontenova* e *Ag*. Escribiu artigos nos xornais *Faro de Vigo* e *n'A Peneira*, asesor e analista audiovisual, documentalista e catalogador en arquivos audiovisuais de RTVE-G, coordinador do libro *Manoel de Oliveira* para o Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) e do libro *Documentación da videocreación en Galicia nos anos 80* do Centro Galego da Arte Contemporánea (CGAC), investigador para o Consello da Cultura Galega e para a USC. Profesor no Máster de Conservación do Patrimonio (USC), traballou para o *Instituto Cesing*. Creador de contidos da *Axencia Audiovisual Galega* (AAG), coordinador das plataformas na rede do *Teutubo* e de *Flocos.tv*, programador galego do *Filminho: Festa do Audiovisual Galego e Portugués* e é guionista e realizador amadorista (*Argazo*, 2005 e *Os señores do vento*, 2008).

DEUS NÃO QUIS

António Ferreira

Curtametraxe, 2007, 15 minutos

Deus Não Quis está baseada na dramatización dos versos dunha canción popular chamada "Laurindinha".

É a historia de Ramiro, un rapaz que parte á Guerra, do seu regreso e do desencontro co amor da súa vida, Laurinda.

A Guerra Colonial implicou unha xustificación do horror polas sociedades da época. Laurindinha representa un dos mecanismos de racionalización. Importa, pois, visitar o patrimonio da nosa memoria histórica de forma que se extraian os elementos que tornen a sociedade de hoxe menos permisiva ás lóxicas xustificativas do terror.

A música popular Laurindinha por si mesma demostra como unha cultura popular déixase penetrar pola apoloxía da Guerra.

Están aquí representados o fatalismo do destino e o abandono de todas as escollas na man de Deus, tan idiosincráticos na cultura portuguesa.

CRISTÓVÃO COLOMBO – O ENIGMA

Manoel de Oliveira

Longametraxe, 2007, 80 minutos

O filme está inspirado no libro "Cristovão Colon era Português", de Manuel Luciano da Silva e Sílvia Jorge da Silva. Emigrado aos Estados Unidos por vontade do seu pai, nos anos 40, Manuel Luciano volve a Portugal para estudar. Regresa aos EUA xa formado en medicina e, apaixonado pola investigación histórica, embébase no misterio da verdadeira identidade de Cristóvão Colombo. En Portugal, casa coa moza Sílvia Jorge. Na compañía de Sílvia, Manuel percorre, en Portugal e nos Estados Unidos, os locais ligados aos descubrimentos portugueses, procurando desvelar o misterio que o inquieta desde a súa xuventude. A demanda lévaos ata a illa de Porto Santo, onde Colombo viviu; alí, Manuel Luciano e Sílvia encontran indicios que os aproximan á verdade.

4ª SESIÓN: 1 de abril de 2009

Presenta André Martins

JANTAR EM LISBOA

André Carrilho

Curtametraxe, Animación, 2007, 10 minutos

Jaime traballa nunha revista. No filme un día rutineiro recibe un fax da súa namorada informándoo que a relación dun ano acabou. Jaime deixa a redacción da revista absorto co que leu e, pouco despois, dáse de conta que Lisboa non está a vivir unha hora punta normal.

GOODNIGHT IRENE

Paolo Marinou Blanco

Longametraxe, 2007, 98 minutos

Alex, un actor inglés frustrado de 56 anos, viúvo de espírito cínico, leva unha vida solitaria. Gáñase a vida facendo "voice-overs" para programas turísticos de baixa calidade, e gastando todo o seu diñeiro en alcohol. Alex sente unha profunda afección e amizade pola súa veciña, Irene, unha linda pintora na casa dos trinta anos. Unha noite,

Irene desaparece misteriosamente. Pouco despois, Alex sorprende a Bruno, un mozo serralleiro do barrio, tentando infiltrarse no apartamento dela, e sospeita que el estea envolto na súa desaparición. Alex descobre que Bruno, tímido e recluso, ten o costume de infiltrarse nas casas dos habitantes do barrio, para "rexistrar" quen son e a vida que levan, a través das súas pertenzas, cartas, retratos, etc. Estes "rexistros" son despois catalogados nun gran "arquivo" instalado nunha sala nas traseiras da súa tenda. Desexosos de gardar aínda algún tipo diso con Irene, e evitar a soidade en que ambos existe, Alex e Bruno instálanse no apartamento da pintora, buscando pistas en relación ao seu paradoiro, pasando así cada vez máis tempo xuntos.

5ª SESIÓN: 8 de abril de 2009

Presenta André Martins

JUVENTUDE EM MARCHA

Pedro Costa

Longametraxe, 2006, 155 minutos

Unha ollada sobre as transformacións radicais que as comunidades dos barrios degradados están a sufrir e adopta o punto de vista de Ventura, un inmigrante caboverdiano, operario da construción civil, reformado, que asiste aos últimos días da súa "cidade de barracas" e aos profundos cambios de comportamento e relación que o realoxamento noutro barrio vén de establecer. O principio dunha nova vida máis digna, legal e salubre pero tamén o fin dunha certa idea de vivencia y solidaridada nun cotián precario.

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORAMENTO

FILMES EN VERSIÓN ORIXINAL

20 HORAS